



.....

**Xornada**

# **Invisibilizadas para a Medicina**

.....

**Auditorio Municipal Ángel Cocho Ferrero**  
Xinzo de Limia  
23 de setembro de 2022



O feito de que na análise das enfermidades que se viñan considerando “femininas” se detecte a prevalencia de erros diagnósticos como estereotipos atribuídos e aceptados por profesionais médicos e da investigación científica é algo relativamente recente.

A consolidación destas ideas erróneas e sen base científica incide na discriminación das mulleres como obxecto da ciencia e como suxeito das súas conclusións e aplicacións, consolidando o descoñecemento e o estrañamento do propio corpo e os propios síntomas.

Desde o seu laboratorio no Texas Medical Center, en Houston, a neurocientífica galega Sonia Villapol confirma que o ciclo sexual e hormonal altera a eficacia dos tratamentos, polo que a maior presenza masculina nos ensaios dos medicamentos afecta a súa eficacia na poboación feminina. As súas investigacións veñen identificando diferenzas entre ambos os sexos en canto á inmunidade ou a diferentes mecanismos celulares e xenéticos.

Estamos perante un avance fundamental para combater o nesgo de xénero que confirma como única medida de análise, diagnóstico e tratamento a masculina. Xa que logo, convén acelerar este proceso de cambio, tanto na investigación científica coma na comprensión das potenciais pacientes na relación cos seus corpos e a súa saúde, para transformar as propias actitudes e poder tomar decisións con coñecemento e criterio.

Velaquí unha reflexión de conxunto sobre este anovador debate científico para o que abordamos varios exemplos notables de enfermidades non recoñecidas nas mulleres, sexa no ámbito laboral, en tratamentos para o control da natalidade, en patoloxías consideradas inexistentes ata hai pouco, ou dando a coñecer accións colectivas desde os movementos sociais que abren camiño nesta materia.

Esta actividade insírese no convenio asinado entre a institución da Valedora do Pobo e o Consello da Cultura Galega.

## Programa

---

16:00 horas

Inauguración

**Elvira Lama**, alcaldesa de Xinzo de Limia

**Rosario Álvarez**, presidenta do Consello da Cultura Galega

**Dolores Fernández Galiño**, valedora do Pobo

16:15 horas

Faladoiro

Presenta e modera: **María Méndez**, presidenta da Asociación de Periodistas de Galicia

16:20 horas

*Essure, unha historia de violencia obstétrica*

**María Sabela Landín Estévez**, presidenta da Asociación de Afectadas de Essure de Galicia

16:40 horas

*A asbestose: estudo do amianto con perspectiva de xénero*

**Sara González Veiga**, gañadora do II Premio Valedora do Pobo para TFG con perspectiva de xénero

17:00 horas

*Fibromialxia: dor invisible e xénero, unha mala combinación*

**Rosa Cerqueiro Landín**, voceira do Movemento Galego da Saúde Mental

17:20 horas

Coloquio

17:40 horas

Descanso

18:00 horas

Relatorio

Presenta e modera: **María Xosé Porteiro**, adxunta á Valedora do Pobo

18:05 horas

*As mulleres invisibles*

**Fernando Lousada Arochena**, maxistrado

18:35 horas

Relatorio

Presenta e modera: **Carme Adán**, directora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)

18:40 horas

*Historias de vida das mulleres da Limia. A experiencia de coidar-nos*

**Lola Rico**, coordinadora da Asociación Escola Rural de Saúde da Limia

19:05 horas

Coloquio

19:30 horas

Conclusións e clausura

## **Organizan**

Consello da Cultura Galega  
Valedora do Pobo

## **Colaboran**

Concello de Xinzo de Limia  
Escola rural de saúde da Limia

## **Lugar**

Auditorio Municipal Ángel Cocho Ferrero  
Casa da Cultura  
Rúa Curros Enríquez, 17  
Xinzo de Limia

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

**Organizan:**



**Colaboran:**

